

Artigo 3º

Correspóndelle ao Concello de Cerceda, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.

Artigo 4º

A entrega da vía formalizarase, durante os dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Disposición derradeira

Este decreto terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Muxía, quince de novembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes

Orde do 22 de novembro de 2007 sobre a aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal para delimitación do núcleo rural tradicional de Santa Marta na parroquia de Vilartelón do concello de Baralla.

O Concello de Baralla remite o proxecto de modificación puntual referido, para a súa aprobación definitiva, conforme o artigo 85.5º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. Antecedentes:

1. O Concello de Baralla dispón na actualidade dunhas normas subsidiarias de planeamento aprobadas definitivamente con data do 18 de xuño de 1986.

2. A modificación é formulada polo Concello de Baralla e ten por finalidade realizar a delimitación do núcleo rural tradicional de Santa Marta, que non aparece recollido no dito planeamento.

3. Consta no expediente o informe previo á aprobación inicial emitido polo director xeral de Urbanismo, con data do 22 de novembro de 2005, no que se indicaban catro observacións que debían ser corrixi-

4. Respecto da tramitación administrativa constan no expediente enviado coa primeira versión desta delimitación as seguintes actuacións municipais:

-Certificación de secretaría, do 25 de abril de 2006, da aprobación inicial da modificación de referencia, mediante acordo adoptado polo pleno do concello, na súa sesión do 31 de marzo de 2006, e da apertura do trámite de información pública.

-Consta a publicación do anuncio de apertura do trámite de información pública nos diarios *La Voz de Galicia* do 7 de abril de 2006 e en *El Progreso* de Lugo do 8 de abril de 2006, no DOG nº 72, do 12 de abril e no BOP de Lugo nº 86 de 2006, do 15 de abril de 2006.

-Aparece a solicitude de informe formulada á Consellería de Medio Ambiente, con data do 31 de maio de 2006, en relación coa modificación proxectada. Consta o informe da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con data do 31 de maio de 2006 no que se indica que a citada modificación non produce efectos significativos na sustentabilidade do seu contorno de afectación.

-Así mesmo consta informe da secretaria municipal, do 15 de decembro de 2006 que, no que fai referencia ao trámite de información pública, sinala que se presentou unha alegación, que foi informada polo técnico municipal e que deu lugar á elaboración do documento que se presenta á aprobación provisional.

-O concello remitiu co expediente tres exemplares do proxecto de modificación puntual, coa dilixencia en todos os seus documentos de aprobación provisional polo pleno que tivo lugar o 19 de decembro de 2006.

5. Con data do 18 de abril de 2007 emitíuse orde da consellería pola que se resolveu non outorgar a aprobación definitiva á modificación puntual que nos ocupa indicando oito deficiencias que deberían emendarse.

6. Con data do 24 de outubro de 2007 envíase nova versión corrixida deste proxecto de modificación acompañada da seguinte documentación:

-Tres exemplares dilixenciados do novo proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento para delimitación do Núcleo Rural de Santa Marta, subsanando as deficiencias ás que fai referencia a Orde do 18 de abril de 2007.

-Certificación do acordo plenario con data do 29 de setembro de 2007 no que se aproba provisionalmente este nova versión da delimitación que nos ocupa.

-Exemplar dilixenciado do proxecto de modificación aprobado inicialmente, con data do 31 de marzo de 2006, que fora requirido.

-Certificado do técnico municipal relativo á inexistencia de ningún elemento inventariado, no ámbito afectado pola modificación puntual, que precise informe do órgano autonómico competente en materia de protección do patrimonio.

II. Consideracións e fundamentación:

II.1. Con data do 22 de novembro de 2007, a Dirección Xeral de Urbanismo elevou informe proposta, no que se expresa que se emendaron todas as deficiencias apuntadas na Orde do 18 de abril de 2007 sobre este expediente de modificación de planeamento, para a delimitación de solo do núcleo de Santa Marta no concello de Baralla.

II.2. De conformidade cos artigos 89 e 93.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e co artigo 1 do Decreto 519/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva das modificacións do planeamento xeral lle corresponde á conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

III. Resolución:

Visto canto antecede,

RESOLVO:

1. De acordo co punto 5 a) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aprobar definitivamente a modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento municipal para delimitación do núcleo rural tradicional de Santa Marta na parroquia de Vilartelín do concello de Baralla.

2. Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2007.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas
e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 12 de novembro de 2007 pola que se prorroga a autorización do Conservatorio Profesional de Música de Ribadavia, de titularidade municipal, para impartir con carácter provisorio durante o curso escolar 2007/2008 as ensinanzas elementais e profesionais de música.

Segundo o disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a regulamentación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, e de acordo co artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro, DOG do 9 de xaneiro de 2006, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a que lle corresponden estas competencias.

Os conservatorios de música de titularidade municipal levan a cabo un importante labor no fomento, difusión e extensión das ensinanzas de música por todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e teñen unha grande importancia para o desenvolvemento integral dos nenos e mozos, contribuíndo así ao enriquecemento da vida cultural dos concellos.

Por Orde do 5 de outubro de 2006, DOG do 2 de novembro, autorizouse o Conservatorio Profesional de Música de Ribadavia, de titularidade municipal, para impartir con carácter provisorio durante o curso escolar 2006/2007, o grao medio das ensinanzas de música.

Tendo en conta que o Conservatorio Profesional de Música de Ribadavia está a tramitar a autorización definitiva para impartir as ensinanzas elementais e profesionais de música, é polo que esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Prorrogar a autorización do Conservatorio Profesional de Música de Ribadavia, de titularidade municipal, para impartir con carácter provisorio durante o curso escolar 2007/2008 as ensinanzas elementais e profesionais de música.

Segundo.-O órgano competente do concello titular deste conservatorio ten a obriga de cumprir o compromiso adquirido de levar a cabo todas as actuacións necesarias neste centro educativo para adaptalo aos requisitos mínimos exixidos regulamentariamente e coa anticipación suficiente para poder tramitar e conceder a correspondente autorización definitiva antes do inicio do curso escolar 2008/2009.

Disposición derradeira

Facúltase as direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e a de Formación Profesional e